



Dirección Xeral de Formación Profesional

Admisión Formación Profesional 2023-2024 - Cursos de especialización

Instrucións xerais

Índice

1	Introdución.....	3
2	Requisitos de acceso nos cursos de especialización.....	3
3	Distribución das prazas dispoñibles.....	3
4	Criterios de prioridade e criterios de desempate.....	3
5	Prazo de inscrición.....	4
6	Presentación de solicitudes.....	4
7	Documentación.....	5
8	Información e publicación de listaxes.....	5
9	Prazo ordinario de presentación de solicitudes.....	6
10	Listaxe provisional de solicitudes e reclamacións.....	6
11	Listaxe definitiva de solicitudes.....	6
12	Adxudicación de prazas e matrícula.....	6
13	Adxudicación continuada.....	6
14	Liberación de prazas.....	7
15	Remate do procedemento de admisión e matrícula.....	7
16	Número mínimo de solicitudes de matrícula.....	7
17	Acceso de persoas con titulación estranxeira.....	7

1 Introducción

O Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, regula no seu artigo 27 os cursos de especialización de formación profesional.

Só poderán acceder aos cursos de especialización as persoas que estean en posesión dalgunha das titulacións de Formación Profesional recoñecidas para o acceso na normativa que regula cada curso.

2 Requisitos de acceso nos cursos de especialización

Para poder solicitar un curso de especialización, a persoa solicitante terá que estar en posesión da titulación de grao medio ou de grao superior de formación profesional establecida no real decreto polo que se regula cada curso.

3 Distribución das prazas dispoñibles

Cada curso de especialización ofertado para o curso 2023-2024 terá 20 prazas dispoñibles. Se o curso se oferta no réxime de persoas adultas na modalidade semipresencial ou a distancia o número de prazas ofertadas será de 30. Para a adxudicación de prazas no proceso de admisión establécense tres cotas de reserva:

- Cota xeral co 90 % das prazas.
- Cota do 10 % das prazas para persoas con discapacidade legalmente recoñecida maior ou igual ao 33 % .
- Cota do 5 % adicional para deportistas de alto nivel ou alto rendemento.

As prazas reservadas ás persoas con discapacidade que non se cubran acumularanse á cota xeral. A adxudicación de prazas vacantes poderase realizar desde a primeira adxudicación de prazas.

4 Criterios de prioridade e criterios de desempate

Nos centros docentes onde houber suficientes prazas dispoñibles para atender todas as solicitudes presentadas, admitiranse todas as persoas solicitantes que cumpran os requisitos de acceso que figuran no real decreto polo que se regula o curso de especialización. Só se aplicarán os criterios de prioridade no caso de que non haxa prazas suficientes para atender todas as solicitudes de ingreso.

As prazas serán adxudicadas ás persoas solicitantes de cada cota que cumpran o requisito de acceso, ordenadas de maior a menor nota media da titulación. Empregarase a nota media que figura no título que dá acceso aos cursos de especialización. De non constar nota media do título, calcularase a nota media con dous decimais de todas as materias ou módulos que formen parte da titulación.

No caso de empate entre varias persoas que soliciten un mesmo curso de especialización, e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado no curso de especialización na matrícula de formación profesional do curso 2022-2023 en que se demande a praza de formación, segundo a táboa publicada no portal de FP.

De persistir o empate, este resolverase empregando como criterio de ordenación do primeiro apelido a letra obtida como resultado do sorteo publicado na Resolución de 23 de xaneiro de 2023 polo que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Polo tanto, a letra de prioridade que afectará ao primeiro apelido en caso de empate será o "V".

5 Prazo de inscrición

O prazo de presentación de solicitudes de admisión para o curso 2023-2024 será do **23 de xuño ás 9:00 horas ata as 13:00 horas do 5 de xullo**.

6 Presentación de solicitudes

Deberase cubrir unha única solicitude na que se poderá optar a dous cursos de especialización como máximo, utilizando o asistente web dispoñible en www.edu.xunta.gal/fp. A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resguardo da solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación o indique. Neste caso, para ser unha solicitude válida terá que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, en calquera centro de Galicia con oferta de cursos de especialización sostidos con fondos públicos para ser selada, datada e validada.

No caso de se detectar erros na instancia validada, e só durante o prazo de presentación de solicitudes, poderán xerarse e validarse outra/s solicitude/s de admisión. Só se considerarán os datos da derradeira solicitude validada.

De ser necesaria a entrega, xunto coa documentación, nun centro educativo, poderase presentar a solicitude, cuberta mediante o asistente informático e asinada, en sobre aberto en calquera oficina de Correos de España, para ser remitida por correo certificado co selo de Correos coa data de entrega, lugar, hora e nome da oficina (artigo 31 do Real decreto 1829/1999), e **a persoa solicitante pedirá explicitamente que se fagan constar as circunstancias do envío**, logo da comparación co documento de identidade, segundo o referido artigo. **A solicitude irá dirixida ao centro onde se oferte o curso de especialización para o que solicita a admisión en primeira opción**. A documentación presentada que non sexa orixinal deberá estar compulsada, tamén se deberá incluír unha copia simple do documento de identidade. Será necesario remitir, **nos prazos de admisión**, unha copia da documentación presentada e selada mediante correo electrónico ao centro ao que vaia dirixida a solicitude. Os enderezos electrónicos dos centros poden consultarse en:

<https://www.edu.xunta.es/centroseducativos/>

Para presentar a solicitude de inscrición para cursos de especialización hai que ter en conta o seguinte:

- Unicamente poderá presentar a solicitude de admisión quen cumpra os requisitos de acceso no momento da inscrición.
- Se a persoa solicitante presenta máis dunha solicitude, non se terá en conta ningunha petición.
- As persoas que participen no procedemento de admisión e matrícula para os cursos de especialización tamén poderán realizar a solicitude de admisión a ciclos formativos e a FP dual.

- As persoas admitidas (seleccionadas) para un curso de especialización quedarán excluídas do proceso de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario, no réxime para as persoas adultas e na FP dual. No caso de non seren admitidas (seleccionadas) en ningún curso de especialización poderán continuar no proceso de admisión a ciclos formativos e a FP dual.
- Estar matriculado/a na ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT) ou ter unha praza adxudicada de FP dual ou dun curso de especialización de FP, implica a exclusión dos procesos de admisión a ciclos formativos.

7 Documentación

Nos procesos centralizados de admisión, o asistente informático indica a documentación que é necesario presentar cando a Administración non dispoña dela ou non sexa posible a súa consulta nos sistemas informáticos.

Cando os estudos requiridos para o acceso a ciclos se realizasen en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e en ensinanzaos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, non cumprirá a achega da documentación relativa aos requisitos de acceso, agás nos casos en que a Administración educativa así o demande.

Cando o asistente web ou a administración educativa así o solicite, será necesario entregar xunto coa solicitude:

- DNI ou NIE. Cando non se dispoña del, copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea.
- No caso de non ter realizados os estudos que dan acceso no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, certificación académica da titulación requirida para o acceso no que conste o expediente académico e o depósito do título.
- Para persoas que teñan recoñecida unha discapacidade, documento acreditativo de tal condición, no caso de que non fose recoñecida en Galicia ou cando a persoa solicitante non autorice a súa consulta.
- Para deportistas de alto nivel ou rendemento, documento acreditativo desta condición.

8 Información e publicación de listaxes

Toda a información e a documentación do proceso de admisión a cursos de especialización estará dispoñible no enderezo web www.edu.xunta.gal/fp.

Nas datas establecidas, as relacións provisionais e definitivas de persoas solicitantes, así como a relación de persoas admitidas e en espera, serán publicadas na páxina web de formación profesional. Así mesmo, os centros publicarán as súas listaxes no taboleiro de anuncios.

9 Prazo ordinario de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes de admisión a cursos de especialización para o curso 2023-2024 será do **23 de xuño ás 9:00 horas ata as 13:00 horas do 5 de xullo**.

As secretarías dos centros docentes, ademais de recoller as solicitudes para os cursos de especialización, enviarán os datos á Subdirección Xeral de Formación Profesional polo medio que esta dispoña, do **23 de xuño ata as 14:00 horas do día 5 de xullo**.

10 Listaxe provisional de solicitudes e reclamacións

O día **10 de xullo** publicaranse as relacións provisionais de persoas solicitantes admitidas e excluídas.

Establécese un **prazo de reclamacións** desde o día 10 **ás 9:00 horas ao 12 de xullo ás 13:00 horas**.

Os centros terán de prazo ata o día **12 de xullo ás 14:00 horas** para cargaren na aplicación informática os datos coas modificacións xurdidas das reclamacións.

11 Listaxe definitiva de solicitudes

O día **19 de xullo** publicaranse as relacións definitivas de persoas solicitantes admitidas e excluídas para os cursos de especialización.

12 Adxudicación de prazas e matrícula

O día **19 de xullo** publicarase a relación de persoas admitidas e en espera en cada curso de especialización. As persoas admitidas deberanse matricular ou renunciar no prazo abranguido desde o día **19 ás 9:00 horas ao día 26 de xullo ás 13:00 horas**. De non facelo perderán os dereitos de matrícula das prazas adxudicadas.

No caso de que algunha persoa con praza adxudicada renuncie a ela ou non se matricule e nese curso de especialización haxa listaxe de espera, o centro procederá a chamar ás persoas que se atopen na lista de espera polo proceso de adxudicación continuada descrito nas instrucións xerais do proceso de admisión de FP para réxime ordinario e para o réxime para as persoas adultas.

13 Adxudicación continuada

No caso dos ciclos con **listaxe de espera**, abrirase un proceso de adxudicación de prazas vacantes residuais entre o **27 de xullo ás 9:00 horas ao 28 de xullo ás 13:00 horas e do 1 de setembro ás 9:00 horas ao 7 de setembro ás 13:00 horas**. Os centros con prazas nesta situación, efectuarán chamamentos telefónicos ás persoas que corresponda segundo a lista de espera para cubrir as prazas vacantes. As chamadas efectuaranse aos números de teléfono consignados na solicitude de admisión. Procederase á matriculación das persoas que acepten a praza.

Para cada persoa realizaranse un mínimo de tres intentos de chamada separados por media hora. Se houber dous teléfonos intentarase en ambos. **Se finalmente non se localiza a persoa, pasarase á seguinte da lista**.

No caso de contactar coa persoa, explicaráselle que ten a posibilidade de matricularse na praza vacante (pode dárselle media hora para pensalo). A persoa ten dúas opcións logo de recibida a información:

- **Renunciar:** a renuncia é exclusivamente a esa praza (ciclo ou módulo). No resto das listaxes de espera nas que estivese, non será modificada a súa posición, incluídas aquelas de menor prioridade, xa que este é un procedemento deseñado para cubrir as vacantes residuais do proceso de admisión.
- **Aceptar:** a persoa terá **24 horas** para entregar toda a documentación para formalizar a matrícula e iniciar a actividade lectiva. **Non presentarse no prazo implicará a perda do dereito sobre esa praza.** A aceptación da praza significará a renuncia a continuar no proceso de admisión.

Nesta fase do proceso, cada centro chama ao alumnado das súas listaxes de espera de xeito independente, polo que non é posible ter en conta a orde de prioridade que cada persoa establecera na súa solicitude de admisión. Deste xeito, pode ocorrer que unha mesma persoa pode ser chamada desde varios centros diferentes, mesmo unha persoa xa chamada neste proceso e pendente de matrícula, pode ser chamada por outro centro.

14 Liberación de prazas

A Dirección Xeral de Formación Profesional poderá liberar as prazas vacantes dos cursos de especialización ata o **22 de setembro ás 13:00 horas** para o alumnado que acredite os requisitos de acceso.

A relación de cursos de especialización coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar na páxina web de formación profesional.

15 Remate do procedemento de admisión e matrícula

O proceso de matriculación rematará o día **22 de setembro**. A partir desta data, non se producirá matriculación ningunha sen autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional.

16 Número mínimo de solicitudes de matrícula

Consonte a normativa que regula a oferta formativa de ciclos de formación profesional e cursos de especialización, no caso de non acadarse o número mínimo de solicitudes de matrícula de primeira opción no período ordinario, non se poderán realizar matrículas nin impartir o curso de especialización sen a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional.

17 Acceso de persoas con titulación estranxeira

Debido ás especiais características destas ensinanzas, para xustificar os requisitos de acceso só será válida a credencial definitiva de homologación. Para a adxudicación de prazas empregarase a nota media reflectida nela. No caso de non ter reflectida nota media na credencial definitiva de homologación consignaráselle unha nota de cinco puntos.